



Avaliación de variedades de millo forraxeiro en Galicia (1999-2022). Actualización 2023

No seguinte estudo recóllense os resultados dos ensaios realizados nos campos de experimentación do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), correspondentes ao ano 2022, onde se avaliaron as características produtivas e nutricionais de 33 variedades de millo forraxeiro, que foron enviadas polas casas comerciais de sementes (incluíndo testemuñas), das cales 20 o foron por primeira vez.

María José Bande Castro

Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM)
Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal), Xunta de Galicia

O ensilado de millo é a principal fonte de forraxe en moitas ganderías de vacún leiteiro, base da ración, xa que achega fibra de alta calidade e alta dixestibilidade, e ten un alto valor enerxético. Ten altas taxas de inxestión cando se lles subministra ás vacas en produción e o seu impacto sobre a produción de leite é moi positivo.

O millo forraxeiro é doado de ensilar e o seu cultivo obtén altos rendementos, polo que é un cultivo dos máis rendibles para o gandeiro. De feito, nas

últimas décadas está experimentando un grande auxe debido ao seu elevado valor nutricional, o que o converte no principal alimento sobre o que se sustenta a produción das ganderías de vacún de leite galegas. Isto é máis relevante se cabe nun contexto de altos prezos dos pensos, pois se a soia, ingrediente fundamental dos concentrados alimenticios animais, achega proteína, o millo é a principal fonte de enerxía, dado que na mazaroca se atopa o amidón, hidrato de carbono de gran calidade para manter as funcións vitais dos animais.

Tanto por superficie (con 71.735 hectáreas sementadas no ano 2022 –algo máis do 78 % do Estado español–), coma por produción (cuns 2,5 millóns de toneladas) Galicia desde hai anos destaca coma a primeira comunidade autónoma no cultivo do millo.

Tendo en conta estes datos, non resulta sorprendente que as principais multinacionais produtoras de sementes de millo teñan repartidos por toda a xeografía galega centos de campos de ensaio nos que proban novas variedades que, de mellorar o existente ata o momento, chegarán ao mercado en próximas campañas. Desde hai anos, estas empresas, debido á importancia do cultivo no sector agrario e á diversidade de condicións climáticas nas que se cultiva, traballan na mellora xenética para obtención de novos híbridos. Buscan millos cun elevado contido en amidón (fonte principal de enerxía) e, sobre todo, cunha elevada dixestibilidade da parte verde, pois no ensilado recóllese a planta enteira e entre o 50 e o 60 % da materia seca procede dos seus compo-



► TANTO POR SUPERFICIE COMA POR PRODUCCIÓN, GALICIA DESTACA DENDE HAI ANOS COMA A PRIMEIRA COMUNIDADE AUTÓNOMA NO CULTIVO DO MILLO

ñientes verdes: talos, follas e espatas. Con frecuencia, as variedades destacan por incrementos significativos do rendemento, pola prolongación do seu verdor (*stay green*) e pola mellora da calidade do cultivo.

As variedades obtidas mediante a mellora xenética poden ter uns resultados diferentes aos acadados nos países de orixe cando se cultivan en Galicia, debido á singularidade das características edafoclimáticas. Por este motivo, iniciouse no ano 1999 en Galicia unha “Rede de avaliación de variedades comerciais de millo forraxeiro”, usando un deseño experimental de bloques ao chou con tres repeticións. O obxectivo desta avaliación é dispor de información válida e adaptada en canto a rendemento e calidade do cultivo, o que permite aconsellar aos agricultores e gandeiros da comunidade á hora de elixir a variedade ou variedades, que mellor se axusten ás súas necesidades, que han de sementar ao ano seguinte.

Cada ano realízanse ensaios en campos experimentais sementados

en catro localidades, situadas nas comarcas rurais de maior produción de millo forraxeiro e abranguendo tamén zonas xeográficas distintas: 1) A Mariña Oriental (nordeste de Lugo), 2) Sarria (centro-sur de Lugo), 3) Deza (nordeste de Pontevedra) e 4) Ordes (centro da Coruña). Estes ensaios repítense, ano tras ano, coa inclusión de variedades novas, que substitúen aquelas que foron avaliadas polo menos durante dous anos. Así mesmo, analízanse anualmente todos os datos dispoñibles desde 1999 polo método estatístico de mínimos cadrados, incorporando os novos, de modo que cada variedade avaliada se pode comparar con todas e cada unha das restantes.

No ano 2022, no CIAM avaliáronse 33 variedades enviadas polas casas comerciais de sementes (incluíndo testemuños), **das cales 20 o foron por primeira vez.**

Os pasos seguidos durante a avaliación son os seguintes: preparación concienciada da cama de sementeira, toma de mostra de solo para análise ►



Sementes Galegas

WAMESTRADA S.L.L

Zona Industrial de Toedo

36680 A Estrada, Pontevedra

Telf.: 986 57 24 45

info@semillaswam.com

Descubre a nosa gama de sementes en:

www.semillaswam.com

► NON EXISTE A MELLOR VARIEDADE EN SENTIDO ABSOLUTO. DÉBESE SEMENTAR UNHA VARIEDADE QUE POSÚA AS CARACTERÍSTICAS MÁIS AXEITADAS E TAMÉN QUE SEXA CAPAZ DE DAR A MÁXIMA PRODUCIÓN EN MATERIA ORGÁNICA DIXESTIBLE (MOD) E CALIDADE NAS CONDICIÓNS DE CADA EXPLOTACIÓN

físico-química completa, cálculo da dose de fertilizante, fertilización, aplicación de fitosanitarios (insecticida e herbicida), delimitación das parcelas, sementeira manual cunha densidade inicial de 180.000 plantas ha⁻¹, rareo manual para deixar 90.000 plantas ha⁻¹, control da data de floración feminina, das alturas e da produción de cada variedade en cada repetición.

A colleita realízase no momento en que o estado medio das mazarocas das tres repeticións acada o estado pastoso-vítreo (liña de leite a 1/3-1/2 do ápice), pois preténdese recoller cada variedade no momento óptimo recomendado para ensilar. Isto obriga a facer unha recollida progresiva e graduada das variedades durante aproximadamente un mes e medio, o que implica realizar ata tres controis semanais, demandando moita man de obra e desprazamentos aos lugares de ensaio.

As mostras de millo despois da colleita envíanse ao laboratorio, onde se determina o contido en materia seca en estufa e o seu valor nutritivo mediante a recollida de espectros no Espectrofotómetro de Reflectancia no Infravermello Próximo (NIRS).

Os resultados obtidos publícanse anualmente nun díptico informativo, que se distribúe entre cooperativas agrarias e agricultores individuais a través das oficinas agrarias comarcais, e tamén está dispoñible na páxina web: <http://www.ciam.gal>.

É moi importante elixir ben a variedade que se vai sementar para facer un aproveitamento máis sostible aumentando a rendibilidade, xa que o 70 % dos custos de produción do cultivo do millo para ensilar son fixos. Tanto a preparación do terreo coma os tratamentos fitosanitarios previos non dependen da produción esperada nin do valor nutritivo da forraxe obtida, polo que, a medida que aumentamos a produción por hectárea, diminúe o custo total por quilogramo de materia seca.

A información necesaria para usar unha boa escolla da variedade en función das condicións de cada gandeiro para cada sementeira expónse nas seguintes táboas e pode darse o caso de que un mesmo gandeiro pode elixir distintas variedades para diferentes parcelas.

Os resultados aparecen divididos en dúas táboas: 1, na que se atopan as variedades que, polo menos, foron avaliadas durante dous anos e, polo tanto, con datos de maior fiabilidade, e 2, na que se atopan aquelas variedades cun só ano de experimentación na rede, polo que os resultados se consideran provisionais, dado que un só ano non é suficientemente significativo para facer unha avaliación acertada. ►►



Distribuidor de Semillas RAGT para Galicia y Asturias

Venta de semillas de maíz, sorgo, girasol, colza, soja, trigo, veza...

gilangel@hotmail.es
Tel.: 670 535 636

Polígono Lalín 2000
Ciudad del Transporte - nave A3
36500 LALÍN (Po)



RGT ELARAXX

RGT MEXXPLEDE

RGT DRAGSTER

RGT MUXXEAL

Táboa 1. Resultados das variedades con dous ou máis anos de avaliación

Variedade	Días S-C	Altura	Espiga	RMS	RMOD	IP	DMO	PB	Anos	Comercial
	(días)	(cm)	(% MS)	(t/ha)	(t/ha)		(%)	(% MS)		
AVENTICUM	116	284	47,3	21,0	14,5	109	71,8	6,4	2	FITÓ
CODIBLUES	116	279	49,0	22,1	15,2	114	71,8	6,4	3	BATLLE
ES BOND	116	292	49,2	22,2	15,2	114	71,0	6,2	2	LIDEA
ES PALLADIUM	116	292	48,9	22,8	16,0	120	73,0	6,3	2	AGV-XESGA
KOMPETENS	116	258	55,0	19,9	13,9	104	72,4	6,6	2	KWS
BARCELOS	117	264	50,9	19,6	13,8	104	73,0	6,9	2	PROCASE
GRIZZLY	118	273	53,5	21,1	15,0	113	73,8	6,8	2	AGROMUNDO
LG 31.388	118	265	47,2	21,7	15,3	115	73,6	6,5	2	LG
OTIS	119	265	48,2	19,2	13,4	101	73,1	6,8	2	BATLLE
VOLOS	119	280	50,5	22,4	15,5	117	72,1	6,3	2	FITÓ
ALANO	120	268	44,0	19,5	13,4	101	71,7	6,1	2	PROCASE
ARECIBO	120	266	50,2	20,2	14,0	105	71,9	6,9	2	PROCASE-DFV
DKC 3390	120	273	53,1	19,9	13,9	104	72,7	7,1	2	MONSANTO
LG 31.276	120	284	49,3	22,7	15,8	119	72,6	6,1	2	LG
MALTON	120	253	55,5	17,3	11,9	90	71,8	7,2	2	BATLLE
MAS 40.F	120	293	46,6	25,8	17,7	133	71,6	5,9	2	MAS Seeds
RGT AFIXX	120	269	53,0	21,0	14,5	109	71,7	7,0	2	RAGT
DARIDOR	121	266	50,2	19,1	13,5	101	72,8	6,6	3	BATLLE
ES BOMBASTIC	121	270	53,4	21,2	14,4	108	70,9	6,9	2	LIDEA
ES WATSON	121	283	50,3	22,9	16,1	121	73,3	6,7	2	LIDEA
MAS 33.F	121	291	45,6	23,4	16,0	120	70,9	6,1	2	MAS Seeds
MEXICANA	121	266	51,4	19,9	14,0	105	73,0	6,8	2	PANAM
PHARAON	121	245	52,5	18,5	12,5	94	70,8	6,8	6	ADVANTA
QUATRO	121	266	51,8	20,9	14,5	109	72,0	6,6	3	BATLLE
FENELON	122	277	50,1	22,2	15,8	119	73,9	6,6	2	WAM
LUCAM	122	252	54,7	19,7	13,7	103	72,6	6,8	2	EUROARESPA SL
BC 306	123	268	46,4	21,0	14,4	108	71,4	6,7	2	BC
DKC 4071	123	282	49,0	24,1	16,9	127	73,0	6,2	2	MONSANTO
DYNAMITE	123	275	53,2	19,9	13,3	100	69,2	7,1	2	MAS Seeds
ES METHOD	123	293	49,6	22,0	15,1	113	71,2	6,3	2	AGV-XESGA
ES PEPPONE	123	288	48,7	24,1	16,7	125	72,2	6,6	2	LIDEA
FORVIA	123	270	51,9	20,7	14,1	106	70,9	6,8	2	BLUE Semences
IZABAL	123	281	49,6	21,3	14,6	110	71,1	6,8	2	PANAM
KIDEMOS	123	263	51,2	21,3	15,0	113	73,3	6,2	3	KWS
MAS 24.C	123	272	52,2	22,6	15,6	117	71,9	6,3	2	MAS Seeds
TALINA	123	272	52,5	20,3	14,2	107	72,7	6,8	2	AGROMUNDO
AGV 4308	124	280	50,0	23,3	16,5	124	74,0	6,6	2	AGV-XESGA
DKC 4117	124	264	52,0	21,1	14,8	111	73,2	6,6	2	MONSANTO
FORTIM	124	274	51,3	20,2	13,8	104	71,5	6,8	2	EUROARESPA SL
LG 31.295	124	264	46,7	23,2	16,6	124	74,3	6,4	2	LG
LIVORNO	124	286	48,2	22,1	15,3	115	72,0	6,3	2	FITÓ
PIXARI	124	274	48,3	22,5	15,7	118	72,8	5,9	2	CAUSSADE
SIMPATICO KWS	125	289	51,2	23,6	16,4	123	72,1	6,4	2	KWS
SY ZEPHIR	125	275	49,3	22,3	15,4	116	71,5	6,6	2	SYNGENTA
CHAMBERI	126	276	50,2	23,8	16,6	125	72,9	6,7	2	AGROEUME
DEL RÍO	126	264	52,7	20,4	14,2	107	72,6	6,8	2	PROCASE
DKC 4114	126	266	54,2	21,0	14,4	108	71,7	6,4	2	MONSANTO
GLORIFI	126	277	50,0	22,2	15,4	116	72,4	6,3	2	CAUSSADE
SY ORPHEUS	126	286	49,8	22,5	15,2	114	71,3	6,1	2	SYNGENTA
BENICIA	127	280	52,7	21,0	13,9	105	69,4	6,1	5	PIONEER
HUXXTOR	127	289	49,4	22,0	15,1	113	71,0	6,5	2	RAGT
MAS 400.D	127	283	47,7	25,0	17,4	131	72,6	6,1	2	MAS Seeds
MT-MOLOSS	127	285	45,8	22,5	15,4	116	71,3	6,5	2	PANAM
RGT CONEXION	127	281	50,2	22,8	15,8	119	71,9	6,4	2	RAGT
SY INFINITE	127	279	48,1	23,9	16,7	125	72,5	6,0	3	KOIPESOL
AGROSTAR	128	282	50,1	21,5	14,2	107	68,9	6,9	4	LIDEA
DEVICE	128	266	47,5	23,0	16,1	121	72,8	6,0	2	SOUFFLET Seeds
DKC 4621	128	276	50,4	24,2	17,1	128	73,8	6,1	3	MONSANTO
ICARE	128	272	51,1	23,4	16,3	122	60,6	6,1	2	SOUFFLET Seeds
JOURNEY	128	286	48,3	23,6	16,3	122	72,1	6,1	2	ADVANTA

Táboa 1. Resultados das variedades con dous ou máis anos de avaliación (continuación)

Variedade	Días S-C (días)	Altura (cm)	Espiga (% MS)	RMS (t/ha)	RMOD (t/ha)	IP	DMO (%)	PB (% MS)	Anos	Comercial
MARCELLO	128	270	53,3	20,5	14,0	105	71,2	6,7	2	KWS
MAS 35.K	128	273	51,7	22,0	15,2	114	71,8	6,9	3	MAS Seeds
RGT EXXEMPLAIR	128	276	47,2	22,8	15,8	119	72,5	5,9	2	RAGT
RGT NOEMIXX	128	272	49,5	24,6	17,3	130	73,5	6,1	2	RAGT
SIRICUS	128	268	48,9	21,0	14,6	110	72,4	6,3	2	AGROMUNDO
FILAE	129	275	46,9	23,8	16,8	127	73,6	5,7	2	SOUFFLET Seeds
KANU	129	277	52,1	21,3	14,3	108	70,2	6,5	2	BC
RULEXX	129	275	53,0	23,2	16,1	121	71,9	6,5	3	RAGT
ZP 299	129	267	49,9	23,9	16,7	126	73,3	6,6	2	WAM
CLARICA	130	263	54,6	19,5	13,1	99	70,8	6,6	5	PIONEER
ELZEA	130	280	53,9	19,2	12,9	97	70,2	6,4	2	PANAM
ES BOOMER	130	300	49,1	24,1	16,6	125	71,1	6,2	2	AGV-XESGA
LG 31.455	130	263	49,0	23,4	16,4	123	73,0	6,2	2	LG
MANACOR	130	278	51,5	21,5	14,7	110	71,0	6,4	3	FITÓ
ANADON	131	266	48,2	22,5	15,7	118	72,6	6,4	2	PROCASE
BC 418 B	131	284	47,9	22,9	15,9	119	72,1	6,3	2	BC
DS 1357 E	131	312	48,8	25,3	17,6	133	72,5	6,7	2	PROCASE
DS 1879D	131	283	50,5	25,0	17,5	131	73,0	6,3	2	PROCASE Select
MARTELI	131	270	49,4	21,7	15,0	113	72,0	6,0	2	CAUSSADE
PESCALI	131	275	48,7	23,7	16,6	125	72,9	5,8	2	CAUSSADE
WAMGAL	131	297	50,6	23,2	15,4	116	69,2	5,8	2	WAM
BC 406	132	277	51,1	23,3	16,0	120	71,4	6,8	2	BC
BUCKLEY	132	275	50,6	21,9	15,3	115	72,5	6,3	2	ADVANTA
DKC 4608	132	274	53,7	21,7	15,1	114	72,5	6,0	2	MONSANTO
DS 0747	132	273	50,5	21,2	14,9	112	73,3	6,6	2	PROCASE



Tu Genética

Polígono Industrial Onzonilla. C/ Valle del Silencio. Parcela 27 • 24009 León
Telf.: 987 24 76 08 • 639 832 547 • 671 013 625

info@caussadesemillas.com

PORTFOLIO

- > **Kalabre.** Ciclo 400
- > **Traduxio.** Ciclo 300
NOVEDAD
- > **Facina.** Ciclo 200
MABEGONDO 2023 (GALICIA)
RMS (T/Ha): 24,1
IP: 125
Espiga (%MS): 51,8



Táboa 1. Resultados das variedades con dous ou máis anos de avaliación (continuación)

Variedade	Días S-C (días)	Altura (cm)	Espiga (% MS)	RMS (t/ha)	RMOD (t/ha)	IP	DMO (%)	PB (% MS)	Anos	Comercial
DS 1592	132	294	49,6	26,5	18,4	139	72,5	6,1	2	PROCASE-DFV
LG 30.444	132	285	52,1	23,7	16,6	125	73,3	6,3	2	LG
ES DEBUSSY	133	271	49,0	24,5	17,2	129	73,2	5,9	2	AGV-XESGA
ES ZOOM	133	284	48,9	23,7	16,6	125	72,6	5,7	2	AGV-XESGA
HOTSPOT	133	263	54,1	24,1	17,0	128	73,8	6,1	2	SOUFFLET Seeds
SY BILBAO	133	291	46,8	24,4	17,3	130	73,8	6,4	2	SYNGENTA
DA SCIPIO	134	274	52,3	21,3	14,8	111	72,3	6,4	2	PROCASE
ES SENSOR	134	286	52,9	22,8	15,9	120	72,3	6,2	2	LIDEA
KWS INTELIGENS	134	289	48,1	24,8	17,3	130	72,8	6,3	2	KWS
KWS SELECTO	134	293	48,9	25,4	17,5	131	71,8	6,2	2	KWS
NS 3022	134	280	51,0	23,4	15,8	119	70,6	6,3	2	WAM
ZP 305	134	280	50,1	22,1	14,7	111	69,8	6,5	2	WAM
AAPOTHEOZ	135	290	51,4	23,6	16,6	125	73,6	5,9	2	ADVANTA
ES ANAKIN	135	291	49,6	25,0	17,5	132	72,9	5,8	2	LIDEA
ES HORNET	135	297	50,3	24,3	16,9	127	72,3	6,0	2	LIDEA
QUERCI	135	274	51,4	23,0	16,2	122	73,4	6,0	2	CAUSSADE
URBANIX	135	275	52,1	24,3	17,0	128	73,1	6,0	2	RAGT
BC 415	136	275	48,3	23,3	15,9	120	71,4	6,5	2	BC
DS 1609 E	136	281	49,4	22,6	15,8	119	72,7	6,0	2	PROCASE
ES BERLIOZ	136	284	48,9	27,3	18,9	142	71,8	6,2	2	LIDEA
LG 30.369	136	255	52,4	21,1	14,9	112	73,6	6,4	3	LG
SANDRO	136	305	49,6	25,6	18,2	137	73,6	6,4	2	KOIPESOL
SY SENKO	136	285	48,3	22,5	15,7	118	72,7	5,8	3	KOIPESOL
BC 525	137	273	47,3	22,8	15,8	119	72,0	6,4	2	BC
NS 3023	137	284	50,0	23,1	15,8	119	70,9	6,2	2	WAM
SY ARNOLD	138	275	50,4	22,3	15,2	114	71,0	6,1	2	SYNGENTA
FREEMAN	139	278	50,0	25,2	17,6	132	72,7	6,1	2	MAS Seeds
MAS 49.P	140	280	48,2	24,7	17,3	130	73,2	6,1	2	MAS Seeds
DS 1916E	141	286	50,4	24,6	17,2	129	72,8	6,2	2	PROCASE
LG 31.390	142	294	49,7	24,0	16,9	127	73,2	6,2	2	LG
ELDORA	144	291	48,2	22,5	15,1	113	69,8	6,6	2	PANAM
CV (%)	3,3	4,2	6,3	8,4	9,0		1,9	5,7		
DMS (5 %)	8	13	3,6	2,0	1,5	11	1,5	0,4		
Media das testemuñas					13,3					

Táboa 2. Resultados das variedades cun só ano de avaliación

Variedade	Días S-C (días)	Altura (cm)	Espiga (% MS)	RMS (t/ha)	RMOD (t/ha)	IP	DMO (%)	PB (% MS)	Comercial
ES SUBMARINE	118	272	51,3	21,4	15,3	115	74,2	6,3	AGV MAIS-XESGA
POMPEO	118	264	52,0	22,4	15,5	117	72,2	6,3	ROCALBA
KWS ADAPTICO	121	307	47,4	22,6	15,5	117	71,5	5,5	KWS
MAS 431.B	121	291	48,7	25,3	17,1	129	70,3	5,8	MAS Seeds
SY MINERVA	124	274	49,4	22,2	15,6	117	73,3	6,4	SYNGENTA
B 3316 C	125	279	47,3	22,2	15,4	116	72,1	6,0	PROCASE
COMBRIO	125	265	49,5	22,4	15,4	116	71,4	6,7	ROCALBA
LG 31.277	125	274	51,7	23,7	16,8	126	73,5	5,8	LG
PITCH	125	291	51,8	22,8	15,7	118	71,7	6,3	WAM
RGT LIPEXX	125	266	50,1	22,3	15,4	116	71,3	6,0	RAGT
FACINA	128	288	51,8	24,1	16,6	125	71,8	6,0	CAUSSADE Semillas
INVADOR	128	280	49,8	23,2	16,2	122	72,9	6,1	ADVANTA
SY SOLANDRI	128	278	48,7	21,7	14,9	112	71,5	6,1	KOIPESOL
RGT DARKNESS	131	269	48,1	22,8	15,9	120	72,8	6,0	RAGT
CONBAWA	132	260	50,7	23,9	16,8	126	73,0	6,1	CAUSSADE Semillas
INDEM 668	136	282	50,1	25,2	17,5	132	72,3	6,4	LIDEA
INSTRUKTOR	136	267	47,3	22,1	15,1	113	71,1	6,6	BC

Débese ter en conta que os datos de rendemento serven para comparar unhas variedades con outras, pero non son aplicables para estimar a produción real. Os resultados presentados obtivéronse en condicións óptimas de coidados de cultivo, en pequenas parcelas experimentais, polo que os rendementos acadados son moi superiores aos que se poden lograr nunha parcela real de cultivo dunha explotación.

► DÉBESE TER EN CONTA QUE OS DATOS DE RENDEMENTO SERVEN PARA COMPARAR UNHAS VARIEDADES CON OUTRAS, PERO NON SON APLICABLES PARA ESTIMAR A PRODUCCIÓN REAL

Táboa 2. Resultados das variedades cun só ano de avaliación (continuación)

Variedade	Días S-C (días)	Altura (cm)	Espiga (% MS)	RMS (t/ha)	RMOD (t/ha)	IP	DMO (%)	PB (% MS)	Comercial
MAJSTOR	136	284	49,4	23,6	16,2	122	71,8	6,1	BC
EPIKUR	139	272	52,0	24,8	17,5	132	73,6	5,8	AGV MAIS-XESGA
EXPERTIZE	142	269	51,6	25,1	17,8	134	73,5	5,8	CAUSSADE Semences
CV (%)	3,3	4,2	6,3	8,4	9,0		1,9	5,7	
DMS (5 %)	8	13	3,6	2,0	1,5	11	1,5	0,4	
Media das testemuñas					13,3				

INTERPRETACIÓN DAS TÁBOAS

Días s-c. Este valor é un índice do ciclo ou precocidade de maduración, é dicir, os días que transcorren entre a sementeira e a colleita para ensilar na zona máis fría das estudadas, que é a comarca de Ordes, é dicir, con menor integral térmica. Nas zonas con maior integral térmica, temperaturas máis altas no verán, débenselle restar uns 15 días á cifra da táboa.

Altura. Altura total da planta. Unha variedade de elevada altura pode ter maior probabilidade de en-

camado, sobre todo nunha zona de fortes ventos.

Espiga. Porcentaxe que representa a mazaroca (carozo+gran) sobre o rendemento en materia seca, compoñente moi relacionado coa calidade nutricional da forraxe.

RMS. Expresa rendemento total da planta enteira en toneladas de materia seca por hectárea.

RMOD. Rendemento da planta enteira en toneladas de materia orgánica dixestible por hectárea. Considérase o dato máis importante para avaliar o rendemento dunha variedade, xa que ►

Variedades maíz Xesga 2023



ES ZAPOTEK

Ciclo 600

N.º 1 en red de ensayos oficiales de 2021 y 2022

ES ARMANDI

Ciclo 500

Garantía de producción y calidad

ES EPIKUR

Ciclo 400

Excelentes resultados productivos en los ensayos oficiales de Mabegondo 2022
IP 132. Digestibilidad 74%

ES DEBUSSY

Ciclo 350

El híbrido todoterreno

ES METHOD

Ciclo 300

Alto grado de satisfacción campaña tras campaña

ES SUBMARINE

Ciclo 250

El ciclo corto del futuro

Tratamiento semillas: Korit 420 FS

DELEGACIONES

MILLADOIRO
Rúa Castelleiras,
nave 122-A2, 15895
Ames (A Coruña)
Tel. 981 94 17 94

SANTA COMBA
Avda. Brasil, 49.
Santa Comba
(A Coruña)
Tel. 981 88 09 72

TEIXEIRO
Avda de Lugo, 40.
Teixeiro-Curtis
(A Coruña)
Tel. 981 78 94 93

LALÍN
Rúa do Ambulatorio
C, 50 baixo, Lalín
(Pontevedra)
Tel. 986 79 23 73

MUIMENTA
Polígono Ind.
Par. I-4, Muimenta
Espinho (Lugo)
Tel. 982 52 81 14

CARBALLO
Avda. Finisterre, 77.
Carballo
(A Coruña)
Tel. 981 70 14 44

Visítanos en
www.xesga.net

XESGA

Distribuido por:

AGV mais

Con la garantía de

Lidea

► O MÁIS IMPORTANTE PARA A CORRECTA ELECCIÓN DA VARIEDADE É AXUSTAR O CICLO DO MILLO Á ZONA E AO MOMENTO DA SEMENTEIRA

recolle a **produción de alimento aproveitable polo animal**, é dicir, a parte da materia seca que o animal dixire efectivamente.

IP. Índice produtivo. É a porcentaxe que representa o rendemento de cada variedade en materia orgánica dixestible sobre a media do rendemento das testemuñas “Agrostar”, “Clarica” e “Pharaon” (13,3 t/ha MOD), ao que se lle outorga o valor 100 para cada campaña. Este permite de xeito rápido ver aquelas variedades que superan a media das testemuñas, facilitando a selección das variedades máis produtivas.

DMO. Dixestibilidade in vitro da materia orgánica. Ademais da produción de materia orgánica dixestible por hectárea, é importante a dixestibilidade da ración, dado que inflúe noutros parámetros da alimentación, pois dúas variedades poden ter un similar RMOD, ben debido a unha alta produción de materia seca por hectárea cunha baixa dixestibilidade, ben debido a unha menor produción de materia seca cunha dixestibilidade maior, e non ser equivalentes ambas as dúas producións.

PB. Proteína bruta, en porcentaxe sobre o rendemento en materia seca, determinada polo NIRS. Aínda que o millo non chega todo o contido proteico necesario para unha ración, hai diferenzas significativas entre as variedades estudadas.

Anos. N.º de anos nos que a variedade foi ensaiada.

Comercial. Entidade comercializadora da variedade.

CV (%). Coeficiente de variación. É un índice da calidade estatística dos experimentos; canto máis baixo, mellor.

DMS (5 %). Diferenza mínima significativa. É a menor diferenza que debe haber entre dúas variedades para que poidan considerarse diferentes cunha probabilidade do 95 %.

ELECCIÓN DA VARIEDADE

Non existe a mellor variedade en sentido absoluto. Débese sementar unha

variedade que posúa as características máis axeitadas e tamén que sexa capaz de dar a máxima produción en MOD e calidade nas condicións de cada explotación.

O máis importante para a correcta elección da variedade é axustar o ciclo do millo á zona e ao momento da sementeira, é dicir, definir os **días transcorridos entre a sementeira e a colleita (días s-c)**. Isto virá dado pola data na que queiramos sementar, condicións climáticas da zona xeográfica onde se desenvolva o cultivo, alternativa forraxeira, condicións da explotación e data prevista de colleita.

Unha vez coñecido o intervalo de precocidade (días s-c) que se pode utilizar na explotación, e dado que o obxectivo será obter o maior rendemento de alimento aproveitable por unidade de superficie, escolleremos aquela variedade con maior IP. No caso de IP moi semellantes, debere-mos atender outros parámetros, como poden ser a porcentaxe de mazaroca, a dixestibilidade da materia orgánica ou a proteína bruta.

REDE DE ENSAIOS EN COLABORACIÓN

- Departamento de Investigación e Transferencia (Agacal)
- Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (Agacal)
- Servizo de Sanidade e Producción Vexetal

AGRADECEMENTOS

Agradecemoslles a súa dedicación e o seu apoio aos propietarios das parcelas nas que se levan a cabo os ensaios e aos técnicos, a súa axuda e contribución no desenvolvemento deste traballo: persoal do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal Pedro Murias de Ribadeo, do Servizo de Explotacións Agrarias de Lugo e do Departamento de Investigación e Transferencia do Agacal de Santiago de Compostela. ■

LA INNOVACIÓN EN MAÍZ



ES BERLIOZ

FAO 400

**Nº1 Millo forraxeiro
CIAM-MABEGONDO 2023**

ES DEBUSSY

FAO 350

ES HORNET

FAO 300

ES METHOD

FAO 300



“ Para aumentar tu
potencial de rendimiento,
te proporcionamos una
genética excepcional.

”